

O Real Decreto Lei 20/2012 de 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade di, no seu TÍTULO I, artigo 9.3:

Art. 9. 3 PRESTACIÓN ECONÓMICA NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL

Quenes estean adscritos aos rexímenes especiais de seguridade social do mutualismo administrativo en situación de incapacidade temporal por continxencias comúns, percibirán:

- Nos 3 primeiros días, o 50%.
- A partir do 4º ata o 20º, o 75%
- A partir do 21º ata o día 90º, o 100%

Estas porcentaxes refírense ás retribucións tanto básicas como complementarias, como da prestación de fillo a cargo, no seu caso.

Tomarase como referencia aquelas que percibían no mes inmediato anterior ao de causarse a situación de incapacidade temporal.

- A partir do día nonaxésimo primeiro, será de aplicación o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa.

DÍAS I.T. por continxencias comúns	PORCENTAXE
0 – 3 días	50%
4 – 20 días	75%
21 ata o 90	100%
90 en diante	Aplicarase o subsidio establecido en cada réxime especial de acordo coa súa normativa

Cando a situación de incapacidade temporal derive de continxencias profesionais a retribución a percibir poderá ser complementada, desde o primeiro día, ata alcanzar como máximo o cen por cen das retribucións que viñeran correspondendo a dito persoal no mes anterior ao de causarse a incapacidade.

Cada Administración Pública poderá determinar, respecto ao seu persoal, os supostos nos que con carácter excepcional e debidamente xustificadas se pueda establecer un complemento ata acadar, como máximo, o cien por cien das retribucións que viñeran disfrutando en cada momento. A estes efectos, se considerarán en todo caso debidamente xustificadas os supostos de hospitalización e intervención cirúrxica.

As referencias a días incluídas no presente artigo entenderanse a días naturais.